

Extracto da convocatoria anticipada de subvencións municipais ao fomento do emprego do Concello de Arteixo para o ano 2025.

1.- Bases reguladoras. A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de subvencións municipais ao fomento do emprego do Concello de Arteixo, publicadas no BOP A Coruña nº 87, de 9 de maio de 2023.

2.- Crédito orzamentario. A contía destinada para o ano 2025 é de 170.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 241.47000, mediante convocatoria anticipada de gasto.

3.- Obxecto. O obxecto destas bases é o de establecer de forma anticipada subvencións ao fomento do emprego, coa finalidade de incentivar e colaborar na actividade económica e na xeración de emprego dentro do Concello de Arteixo, a través dos seguintes programas:

- Programa I – Axudas Municipais para á Creación de Empresas.
- Programa II – Axudas Municipais á Contratación.

4.- Procedemento. O procedemento para a concesión das subvencións previstas nesta convocatoria axustarase ao procedemento de concorrencia competitiva de acordo co establecido nos art. 9. a) e 10 a) da Ordenanza Municipal núm. 26 de concesión de subvencións municipais; nos art. 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

5.- Requisitos para solicitar a subvención.

Poderán acceder á condición de beneficiario do Programa I-axudas municipais á creación de empresas (apartado 2º das bases reguladoras) as persoas físicas cun novo proxecto empresarial, sexan autónomas individuais, autónomas colaboradoras ou autónomas

integradas nunha sociedade civil ou mercantil, que, ademais de cumprir os requisitos establecidos no artigo 11 da Lei xeral de subvencións, o artigo 6 da Ordenanza municipal número 26 reguladora da concesión de subvencións municipais, cumpran os seguintes requisitos:

- 1) Desenvolver a súa actividade empresarial no Concello de Arteixo nos seguintes termos:
 - En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Arteixo.
 - Cando, para o exercicio da actividade, non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa/autónomo estea dentro do termo municipal de Arteixo.
- 2) Estar en situación legal de desemprego no momento da alta no R.E.T.A ou réxime similar.
- 3) Ser alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos entre o 1 de outubro do ano anterior e o 30 de setembro do ano da convocatoria.
- 4) Que sexan empresas de nova creación – considerando incluídos en tal concepto os traspasos de negocios- sen que se admitan supostos de empresas procedentes da transformación xurídica. O inicio da actividade económica virá determinado pola alta no censo de obrigados tributarios e actividades económicas.
- 5) Que presenten un proxecto empresarial viable técnica, económica e financeiramente, acreditado na forma establecida no anexo III.
- 6) Que non desenvolvesen, como traballadores autónomos no R.E.T.A ou réxime similar; igual ou similar actividade empresarial nos seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade.

- 7) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Arteixo, coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.
- 8) Comprometerse a manter a actividade por conta propia que xerou a alta no Réxime especial de traballadores autónomos obxecto da subvención, durante un período mínimo de dous anos, salvo causa de forza maior, en caso contrario, o beneficiario/a estará obrigado/a a reintegrar na Tesouraría do Concello a subvención percibida.
- 9) Ter concedidas, de seren necesarias, todas as licenzas pertinentes para o desenvolvemento da actividade ou, no seu defecto, xustificar que se están a tramitar.
- 10) Non poderán ter a condición de beneficiario/a os empresarios/as e as pequenas e medianas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 11) As persoas beneficiarias estarán suxeitas ás obrigas xerais que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Poderán acceder á condición de beneficiario do Programa II-axudas municipais á contratación (apartado 1.2 das bases reguladoras) as empresas privadas independentemente da súa forma xurídica e entidades distintas das Administracións Públicas, que contraten persoas desempregadas residentes en Arteixo que participen ou tivesen participado nalgunha das accións formativas da Concellaría de Promoción Económica ou estean inscritas na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Arteixo.

As contratacións que se beneficien desta subvención terán que formalizarse no período comprendido entre o 1 outubro do ano

anterior e o 30 de setembro do ano da convocatoria e reunir os seguintes requisitos:

- Non poderán ter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).
- As persoas contratadas polo beneficiario deberán ser persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións formativas da Concellaría de Promoción Económica ou estean inscritos/as na Bolsa Municipal de Emprego do Concello de Arteixo e estean empadroadas no municipio de Arteixo no momento da formalización do contrato obxecto de subvención.
- O/A beneficiario/a deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Arteixo, coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así coma ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.

6.- Órganos competentes. O procedemento será instruído polo Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo, onde se creará unha Comisión de Valoración e Seguimento, que realizará cantas actuacións sexan necesarias segundo o art. 10 a) da Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais. O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo o art. 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación concordante.

7.- Prazo de presentación de solicitudes. O prazo de solicitudes será desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia a través da BNDs ata o 30 de setembro de 2025.

8.- Prazo de resolución e notificación. Elaborada a proposta de concesión pola Comisión de Valoración e Seguimento e fiscalizada pola Intervención Municipal, someterase a aprobación pola Xunta de Goberno Local. O acordo de concesión, deberá notificarse a todos os solicitantes de forma expresa no prazo de 10 días desde a data da resolución (art. 40.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas, en adiante LPACAP).

9.- Documentación.

A documentación a presentar para o Programa I-axudas municipais á creación de empresas (apartado 6º das bases reguladoras) será a seguinte:

- Ficha solicitude (anexo I).
- Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, do seu representante legal.
- Fotocopia do CIF, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, de ser o caso.
- Fotocopia da declaración censal de alta no Censo de Obrigos Tributarios (modelo 036 ou 037) e alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE), no caso de non autorizar a súa comprobación.
- Fotocopia de alta no Réxime especial de traballadores autónomos (RETA) o en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional correspondente.
- Fotocopia do informe de vida laboral actualizado do traballador na data de solicitude.

- Fotocopia da comunicación previa de inicio de actividade, de obra ou cambio de titularidade, no caso de que sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
- Declaración responsable (Anexo II).
- Memoria de proxecto empresarial a desenvolver (anexo III), ou calquera outro que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- Relación de previsión de gastos subvencionables segundo o recollido na Base 3 (anexo IV).
- Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis (anexo V).
- De ser o caso, acreditación das distintas situacións da persoa solicitante: discapacidade ou dependencia, situación ou risco de exclusión social.

A documentación a presentar para o Programa II-axudas municipais á contratación (apartado 4º das bases reguladoras), será a seguinte:

DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á EMPRESA:

- Ficha de solicitude (Anexo I)
- Fotocopia do DNI se o/a solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas (neste caso deberá achegar DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude).
- Fotocopia da escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, no caso de persoas xurídicas.
- Fotocopia da declaración de alta no Censo de Obrigos Tributarios (modelo 036 ou 037) e alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) do solicitante, de non autorizar a súa comprobación.
- Declaración responsable segundo o anexo II.
- Declaración responsable doutras axudas (anexo III).
- Modelo de designación de conta bancaria.

DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CADA TRABALLADORA/A

- Fotocopia do DNI da/s persoa/s traballadora/s obxecto de contratación.
- Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior á contratación.
- Contrato de traballo, rexistrado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Acreditación das distintas situacións da/s persoa/s contratada/s: discapacidade ou dependencia, situación ou risco de exclusión social ou persoa desempregada de longa duración.

10.- Posibilidade de reformulación da solicitude. Segundo o apartado 7º das bases reguladoras xerais, cando do incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionables, traducible en termos económicos, que non implique un verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

11.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento. Contra o acordo poderán formularse os recursos que procedan segundo os art. 123 e 124 da LPACAP.

12.- Criterios de valoración das solicitudes. O apartado 4.1º das bases reguladoras xerais contén os criterios de avaliación das solicitudes:

a) Pola idade da persoa desempregada que sexa alta por conta propia ou sexa contratada por conta allea:

- Maior de 55 anos: 20 puntos.
- Menor de 30 anos: 15 puntos.

- Maior de 45 anos: 10 puntos (non aplicable no caso de maior de 55 anos).

b) Pola condición de persoa con discapacidade (con un grao recoñecido igual ou superior ao 33%) ou en situación de dependencia (segundo lexislación vixente): 15 puntos.

c) Pola situación ou risco de exclusión social (persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou persoas con certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social): 20 puntos.

No caso de que a partida orzamentaria non se esgote, non será necesario ordenar as solicitudes segundo os criterios anteriores.

Para o suposto de que máis dunha solicitude obteña a mesma puntuación e non sexa posible por razóns orzamentarias adxudicar a axuda a todas elas, para os efectos de resolver o desempate, terase en conta a data e hora de presentación da solicitude.

13.- Medio de notificación ou publicación. De acordo co art. 14 da LPACAP, notificarase electrónicamente a resolución do procedemento ás persoas solicitantes.

14.- Prazo de presentación da conta xustificativa. No caso das subvencións correspondentes ao Programa I de axudas municipais á creación de empresas, a data límite para a presentación da conta xustificativa será de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da correspondente axuda, ou, no caso de que non rematase o período en que se poden acometer os gastos subvencionados cando sexa notificada a concesión da subvención, o prazo de xustificación será de dous meses desde que remate este período (base 8ª do Programa I). No caso do Programa II de axudas municipais á contratación, o prazo de xustificación será de dous meses desde o remate da contratación subvencionada (base 5ª do Programa II).

O acordo de aprobación da conta xustificativa e pago notificarase os beneficiarios segundo o art. 40.2 da LPACAP.